

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER CULTURAL E EDUCATIVO A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE ARZUA E A CENTROS DE EDUCACIÓN.

Primeiro.- Disposicións xerais.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de obxectividade, publicidade, libre concorrència e igualdade, para a realización de actividades que suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

Rexeranse polo disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa, aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2005; e cuxa aprobación definitiva e texto da ordenanza foi publicada no BOP n ° 95 de data 28 de abril de 2005, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; R.D. 887/2006 de 21 de xullo e Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Segundo.- Obxecto e imputación orzamentaria

Con cargo ás correspondentes dotacións orzamentarias, o obxecto das axudas e subvencións comprenderá para o presente ano 2013:

2.1.- Promoción de actividades culturais: actividades como celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos musicais, encontros, conferencias, estudos, e en xeral, calquera actividade de conservación, promoción ou divulgación dos valores culturais, a realizar por asociacións veciñais ou culturais que realicen actividades de carácter cultural, segundo se desprenda dos seus estatutos.

As subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado non poderán superar, na súa totalidade, o crédito inicial da aplicación orzamentaria 331.480.00 do Orzamento Xeral do Concello de Arzúa para o ano 2013 (9.200 euros).

2.2.- Promoción de actividades educativas: inclúe as actuacións culturais, educativas ou deportivas a realizar polos centros educativos sitos no termo municipal de Arzúa, ben polos propios centros educativos ou ben polas asociacións de nais ou pais.

As subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado non poderán superar, na súa totalidade, o crédito inicial da aplicación orzamentaria 321.480.00 do Orzamento Xeral do Concello de Arzúa para o ano 2013 (3.605 euros).

Terceiro.- Destinatarios

3.1.- Poderán concorrer e optar a estas subvencións as entidades, organismos ou asociacións xuridicamente constituídas que cumpran os seguintes requisitos e fins:

- 1) Carecer de fins de lucro.
- 2) Estar debidamente inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades do Concello nos termos previstos no artigo 236, parágrafos 2, 3 e 4 do vixente ROF; ou telo solicitado na data da petición.
- 3) Non ter débedas co Concello de Arzúa por calquera concepto.
- 4) As demais obrigas reguladas nos artigos 7 e 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa.

Cuarto.- Actuacións a subvencionar.

4.1.- As subvencións e axudas que se outorguen ao abeiro da presente convocatoria, terán como finalidade a realización de actividades culturais e educativas.

4.2.- Non poderán ser obxecto de axuda ou subvención na correspondente convocatoria as actividades subvencionadas no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans doutras AAPP, cando o importe destas últimas cubra o 100% da actividade a realizar. En caso contrario, poderá ser subvencionable e complementado o importe da actividade na contía restante ata chegar ao total do importe da actuación.

Quinto.- Prazo de solicitude.

O prazo para presentar as solicitudes será de 30 días naturais, no rexistro xeral do Concello, a partir do día seguinte á publicación no BOP, en horario de nove a catorce horas.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederáse un prazo de dez días para a súa corrección ou emenda, arquivándose sen máis trámite, cando non se emenden as deficiencias advertidas no prazo sinalado. Non se terán en conta as solicitudes presentadas fóra dos prazos fixados na convocatoria.

Sexto.- Documentación

As solicitudes de subvención ou axuda deberán presentarse no modelo normalizado nº1 que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, que irá achegada dos seguintes documentos:

- 1) Fotocopia compulsada do cartón do Código de Identificación Fiscal (CIF) da entidade.
- 2) Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade.
- 3) Certificación de datos bancarios da entidade solicitante, segundo o modelo normalizado nº 3.
- 4) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade (DNI) do representante legal.
- 5) Certificación acreditativa do acordo de solicitude, do nomeamento do representante para as relacións co Concello e de non estar incurso a entidade nos supostos de prohibicións para percibir axudas públicas, segundo o modelo normalizado nº 2
- 6) Declaración xurada ou certificación do representante legal ou representante para as relacións co Concello de Arzúa da entidade de aceptar as condicións da convocatoria, segundo modelo normalizado nº 6.
- 7) Memoria explicativa da actividade que se vai a desenvolver, indicando en cada unha delas:
 - Nome da actividade e explicación do seu contido.
 - Duración (data ou datas de realización).
 - Lugar ou lugares onde se desenvolve.
 - Orzamento de gastos e ingresos e forma de financiamento previsto (mediante fondos propios, doutros organismos públicos ou privados...).
 - Obxectivos e fins que se pretenden coa realización da mesma.
- 8) Documento que acredite o número de socios que compoñen a entidade no momento da solicitude, segundo modelo normalizado nº 7.
- 9) Autorización para acadar certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, segundo o modelo normalizado nº 8.

Non será precisa a presentación dos documentos aos que fan referencia os puntos 1), 2), 3) e 4); sempre que obren en poder da Administración.

Sétimo.- Instrución do procedemento e comisión técnica de valoración

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao persoal dos servizos administrativos do departamento de Cultura e Educación. Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A comisión técnica de valoración das subvencións estará constituída polo alcalde-presidente, a concelleira en materia de cultura e educación e un traballador ou funcionario da área determinada nomeado polo alcalde-presidente. A dita comisión emitirá informe concretando o resultado da avaliación das solicitudes, motivando o resultado final da valoración en base á aplicación dos criterios establecidos no artigo seguinte.

Oitavo.- Órgano competente e criterios para a concesión de subvencións.

8.1.- A Xunta de Goberno Local, logo da proposta da Comisión técnica avaliadora e informe de intervención; será o órgano competente para a resolución das peticións de axudas.

8.2.- Os criterios a ter en conta para a concesión das subvencións serán os seguintes:

- Representatividade da entidade peticionaria no Concello, atendendo ao número de actividades desenvolvidas ou proxectadas de xeito conxunto con varias entidades: ata 10 puntos.
- Grao de interese xeral ou sectorial da actividade que se propoña realizar e a súa coordinación e complementariedade cos programas municipais: ata 10 puntos.
- Número de posibles beneficiarios directos ou indirectos: ata 10 puntos.
- O fomento da participación da muller nas actividades deportivas: ata 10 puntos.
- Carácter periódico ou permanente das actividades desenvolvidas, tendo en conta os actos puntuais que animan á participación social mediante actividades culturais e educativas: ata 10 puntos.
- A utilización da lingua galega na realización e na promoción de actividades: ata 10 puntos.
- Forma de financiamento: subvencións ou axudas recibidas doutros organismos públicos ou privados. Primarase o maior esforzo de financiamento propio: ata 10 puntos.
- A relación de actividades co mantemento das tradicións ou manifestacións culturais e artísticas locais (no caso de actividades culturais): ata 15 puntos.

8.3.- Posteriormente, logo dos informes da Comisión avaliadora e de fiscalización emitido pola intervención municipal, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que proceda.

8.4.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os tres meses contados a partir da publicación da convocatoria. O vencemento deste prazo sen notificarse a resolución lexítima ao interesado para entender desestimada a solicitude por silencio administrativo. A falta de notificación da resolución producirá a desestimación e contra a desestimación, expresa ou presunta, poderán formularse os recursos que procedan.

Noveno.- Obrigas do beneficiario

Son obrigas do beneficiario as sinaladas no artigo oitavo da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa e que se relacionan deseguido:

- 1.- Cumprir o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- 2.- Xustificar ante o Concello de Arzúa, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
- 4.- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada dos fondos percibidos.

5.- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social. A acreditación de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Concello de Arzúa efecturase de oficio polo Concello.

6.- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantan o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

8.- Deberán dar a axeitada publicidade do carácter público de financiamento de programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, coa expresión "subvenciona o Concello de Arzúa" ou equivalente.

9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 da LXS.

Décimo.- Pagamento das subvencións concedidas e xustificación dos gastos

10.1.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes procederase ao exame e valoración das mesmas mediante a aplicación dos criterios relacionados no artigo sétimo; procedendo a Xunta de Goberno Local á resolución das peticións de axudas.

O outorgamento da subvención, así como a contía a subvencionar, será notificado aos interesados.

10.2.- O pagamento efectuarse da seguinte maneira:

- 80% da contía a subvencionar dende a notificación do outorgamento da axuda, previa solicitude.
- 20% unha vez xustificada a subvención, de acordo co disposto nos apartados seguintes.

De conformidade co artigo 24 da Ordenanza Xeral de Subvencións, non se esixirá a previa constitución de garantía para a realización de pagos anticipados, por concorrer circunstancias de precariedade económica das entidades que habitualmente veñen solicitando as axudas, que xustifican a excepción da mesma.

10.3.- O importe a xustificar non será inferior ao 130% do importe da subvención concedida polo Concello. Cando para a mesma finalidade se obtiveran axudas doutras AAPP deberá xustificarse un importe, non inferior ao 130% antes indicado, igual á suma das axudas obtidas.

10.4.- A xustificación insuficiente dará lugar á redución proporcional da subvención no importe non xustificando.

10.5.- A xustificación da subvención, ante a alcaldía-presidencia, farase coa presentación no Rexistro Xeral do Concello dos seguintes documentos:

- a) Modelo normalizado nº 4, debidamente cuberto
- b) Certificado do secretario/a co v. e pr. do/a presidente/a, segundo o modelo normalizado nº 5.
- c) Facturas orixinais debidamente cubertas ou fotocopias compulsadas comprensivas dos gastos realizados no exercicio da actividade, cos requisitos establecidos pola lexislación do IVE e o Regulamento de Facturación; ou outros documentos de valor probatorio contemplados no Real decreto 1619/2012. Para o caso de que no desenvolvemento da actividade se satisfagan rendementos de actividades profesionais, deberá acompañarse a factura, ademais de cos requisitos establecidos no regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, coa retención correspondente en concepto de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, en cumprimento do previsto no artigo 93 do Real decreto 1775/2004, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos de persoal, xustificaranse por medio de facturas ou nóminas orixinais, ou fotocopias compulsadas. Igualmente, deberán achegarse as fotocopias dos NIF pertencentes ás persoas que imparten cursos, clases, conferencias, etc; así como árbitros, monitores, adestradores, etc.

Non se admitirán como xustificantes de gasto:



- as cantidades satisfeitas ao Concello polo uso das instalacións deportivas, culturais ou ocupación de dominio público.
- os relacionados no parágrafo 2 do artigo 22 da Ordenanza Xeral de Subvención.
- os gastos en investimento como mobiliario, vehículos, maquinaria, etc.
- os gastos en bebidas alcohólicas e tabacos.

Os xustificantes de gasto deberán facer mención ás actividades financiadas, e estas coincidirán coas expostas na memoria que se acompañou á solicitude. Neste sentido serán determinantes os conceptos que figuran nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos. Só se considerará gasto a subvencionar o efectivamente pagado. Se realizada a actividade e rematado o prazo para xustificar, só se acredita o pago dunha parte dos gastos, aos efectos de perda do dereito ao cobro, aplicarase o principio de proporcionalidade.

- d) Certificación do representante da entidade subvencionada, de ter cumprida a finalidade da subvención ou axuda, mediante a realización das actividades.
- e) Certificados acreditativos, expedidos polos organismos oficiais correspondentes, de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Tributaria e coa Seguridade Social. Admitirase a substitución destes documentos por unha autorización ao Concello de Arzúa para obter directamente da Axencia Tributaria e da Seguridade Social os devanditos certificados. A tal fin cumprimentarase o modelo normalizado números 8.

Cando o importe da axuda concedida non supere a cantidade de 3.000 euros, as certificacións anteriores poderán ser substituídas pola presentación de declaracións responsables, asinadas polo secretario co visto e prace do presidente.

- f) Memoria da actividade subvencionada e copia da publicidade onde apareza o financiamento do Concello mediante o cartel publicitario do evento/actividade coa expresión "subvenciona o Concello de Arzúa" ou expresión equivalente.

Se a documentación xustificativa se estima correcta procederase ao pago do 20% restante do importe concedido, logo da notificación ao interesado.

A aprobación da xustificación presentada polos beneficiarios e a ordenación do pago da subvención corresponde ao Alcalde-Presidente, logo do informe de intervención.

O aboamento da subvención farase efectivo por medio de ingreso na conta bancaria da entidade financeira sinalada polo beneficiario na documentación achegada.

Os documentos xustificativos corresponderanse con gastos feitos durante o ano natural do exercicio 2013 ata o límite da data de finalización do prazo de xustificación. O dito prazo rematará o día 30 de novembro de 2013, salvo que por causas debidamente xustificadas se solicitase prórroga e fose concedida pola Xunta de Goberno Local. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do remate do prazo de xustificación e, en ningún caso, poderá ser obxecto de prórroga un prazo xa vencido.

10.6.- Os beneficiarios quedan sometidos á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións.

Undécimo.- Colaboración do beneficiario.

O beneficiario está obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo Concello de Arzúa e polo Consello de contas de Galicia, someténdose á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións, e no seu caso, ao disposto no vixente código penal.

Décimo segundo.- Control e revogación da subvención

Estarase ao disposto no Título III da ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación a Lei Xeral de Subvencións, Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa e Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2013.

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO
ANO 2013

Modelo nº1: SOLICITUDE

ENTIDADE: _____ NIF _____
Domicilio fiscal _____
Concello _____ Provincia _____
Número de teléfono de contacto _____
Representante legal _____ NIF _____
Domicilio particular _____
Concello _____ Provincia _____

Solicita a subvención (cos criterios establecidos nas bases da convocatoria) das actividades relacionadas no **Anexo a este modelo**, para o cal presenta a seguinte documentación (sinale cunha "X" os documentos aportados no momento da solicitude):

- A. Memoria explicativa das actividades que solicita con detalle de orzamento de gastos e ingresos.
- B. Certificación acreditativo do acordo de solicitude, do nomeamento do representante para as relacións co Concello e de non estar incurso a entidade nos supostos de prohibicións para percibir axudas públicas, segundo o **modelo normalizado nº2**.
- C. Certificación dos datos bancarios da entidade (selado pola entidade bancaria), achegando o **modelo normalizado nº3**.
- D. Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade.
- E. Fotocopia compulsada do CIF da entidade.
- F. Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade (DNI) do representante legal.
- G. Declaración xurada ou certificación do representante legal da entidade de aceptar as condicións das bases e convocatoria específica, no **modelo normalizado nº 6**.
- H. Documento acreditativo do número de socios que compoñen a entidade (certificación oficial federativa do número de fichas federativas, equipos e categorías), no **modelo normal. nº 7**.
- I. Autorización para acadar certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, segundo o **modelo normalizado nº 8**.
- J. Os documentos sinalados nos apartados C, D, E e F non se aportar por obrar xa nas dependencias municipais por razón doutros expedientes tramitados, sen que os mesmos sufriran variación algunha dende o momento da presentación.

Arzúa, a _____ de _____ de 2013

Asdo.: _____
(representante para as relacións co Concello)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO
ANO 2013

Formulario nº 2: Certificación do acordo de solicitude,
do nomeamento de representante para as relacións co Concello
e de non estar incurso en causa de prohibición para percibir subvencións

En cumprimento das bases da convocatoria,

D/Dna _____ DNI _____

como secretario/a da entidade _____

co NIF _____

CERTIFICA:

- Que a entidade antedita acordou en Sesión de _____ de _____ de 2013, a solicitude de subvención polas actividades indicadas no "Anexo ao Formulario nº 1: Solicitude", e así mesmo nomear como representante para as relacións co Concello á seguinte persoa:

Nome e apelidos _____

DNI _____

- Que a entidade antedita non está incurso en ningunha das prohibicións reguladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 18 de novembro, que imposibilitan a obtención de axudas públicas .

E para que conste aos efectos oportunos, asino a presente en _____ a _____ de _____ de 2013

Vº e Pr.
O presidente

O/A secretario/a da entidade

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO

ANO 2013

Formulario nº 4: XUSTIFICACIÓN da subvención

Entidade _____ CIF _____
Domicilio fiscal _____
Concello _____ Provincia _____
Teléfono/s _____ Correo electrónico _____
Representante legal _____ DNI _____
Domicilio particular _____
Concello _____ Provincia _____
Teléfono/s _____ Correo electrónico _____
Representante relacións co Concello _____ DNI _____
Domicilio particular _____
Concello _____ Provincia _____
Teléfono/s _____ Correo electrónico _____

En cumprimento co establecido polas bases da convocatoria e unha vez concedida a subvención, procédese á aportar os documentos preceptivos xustificantes da mesma, (*sinale cunha "X" os documentos aportados no momento da solicitude de xustificación*):

- Memoria co balance de tódalas actividades efectivamente realizadas.
- Certificación do Secretario/a e Vº e Pr. do Presidente/a en relación co especificado no apartado 7 da convocatoria, achegando o Formulario normalizado nº 5.
- Facturas ou nóminas (orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas), acreditativas dos gastos realizados.
- Xustificantes do pagamento, que se acreditarán documentalmente mediante a copia compulsada de transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor (asinando o perceptor o recibí na factura ou mediante xustificante aparte).
- Copia da publicidade onde apareza o financiamento do Concello mediante o cartel publicitario da actividade coa expresión "subvenciona o Concello de Arzúa" ou expresión equivalente.

En _____, a _____ de _____ de 2013

Asdo.: (representante para as relacións co Concello)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO

ANO 2013

Formulario nº 5: CERTIFICACIÓN para a xustificación das subvencións

D./Dna _____ DNI _____

como Secretario/a da Entidade _____

CERTIFICA:

1. Que no exercicio de 2013 obtivo unha subvención do Concello de Arzúa por un importe total de:

para actividades culturais

para actividades educativas

2. Que para estes mesmos fins obtivéronse, ademais, as seguintes subvencións ou axudas económicas:

| DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE | ORGANISMO CONCEDENTE | IMPORTE |
|----------------------------|-------------------------|---------|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | SUMA: € |

Ningunha outra subvención

3. Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida, e que aparecen descritas na Memoria que se achega.

4. Que se realizaron gastos para actividades culturais por unha contía total de _____ €

5. Que se realizaron gastos para actividades educativas por unha contía total de _____ €

E para que conste, a efectos de xustificación e cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en _____ a ____ de _____ de 2013.

Vº e pr.

O/A presidente/a

O/A Secretario da entidade

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPALES A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO

ANO 2013

Formulario nº 6: Declaración de aceptar as condicións da convocatoria

D./D^a _____, con DNI nº _____

como representante legal da entidade ou en calidade de representante para as relacións co Concello de Arzúa da asociación _____

DECLARA:

Que acepta as condicións das bases da convocatoria específica de axudas municipais para o fomento de actividades de carácter cultural e educativo do Concello de Arzúa para o ano 2013.

En _____, a ____ de _____ de 2013

Sinatura,

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPALES A ENTIDADES SIN FINES DE LUCRO

AÑO 2013

Formulario nº 7: CERTIFICACIÓN del número de socios

D/Dª _____, con DNI nº _____

Secretario/a de la entidad _____

CERTIFICA:

que el número de socios activos de esta entidad asciende a cantidad de _____

E para que así conste, asino a presente en _____ a ____ de _____ de 2013

Vº e prace:

O/A secretario/a,

O/A presidente/a,

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO ANO 2013

Formulario nº 8: AUTORIZACIÓN para acadar certificado da
Axencia Tributaria e da Seguridade Social

D./Dna _____ DNI _____

como Secretario/a da Entidade _____ con NIF

CERTIFICA:

1º.- Que a entidade _____ , con CIF
_____ está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

2º.- Autorizo ao Concello de Arzúa a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención solicitada.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda solicitada e en aplicación do disposto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e no artigo 95.1k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AAPP, para o desenvolvemento das súas funcións.

3º.- Autorizo ao Concello de Arzúa a solicitar os datos relativos ao cumprimento das obrigas coa Seguridade Social para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención solicitada.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda solicitada en aplicación do disposto no Art. 13.1.c da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos que precisen as AAPP, para o desenvolvemento das súas funcións.

En _____ a _____ de _____ de 2013

Vº e Prace:
O/A Presidente/a

O secretario/a da entidade